

## PEZA DO MES

xaneiro

2024

---



**PROGRAMA MUSEOGRÁFICO DO MUSEO  
ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE.  
A CIDADE**

## Programa Museográfico do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. A cidade

### Preexistencias arqueolóxicas no antigo Pazo do Bispo

Cando no século XII o bispo Diego Velasco edifica – ou «reedifica» segundo nos di, no século XVIII, Muñoz de la Cueva– o pazo episcopal románico que hoxe coñecemos, faino sobre un soar ocupado previamente. A historiografía local, a existencia dalgúns perpiaños romanos reutilizados nos muros do pazo e mesmo as obras de reforma na década dos sesenta do século pasado esbozaban uns niveis de preexistencias que as intervencións arqueolóxicas efectuadas desde o ano 2000 confirmaron.

#### Zona artesanal romana

O nivel de ocupación máis antigo, sobre o sábrego natural, aparece representado por unha zona artesanal romana –*officina*– de cronoloxía altoimperial como así no lo poñen de manifesto algúns fragmentos de TSH correspondentes á forma 37, común en contextos do último cuarto do século I e o século II d. C. Corresponden a esta zona, dunha banda, estruturas de combustión –fornos–, coincidindo co subsolo interior do pazo, e doutra, no subsolo do xardín, infraestruturas auxiliares conformadas por tanques revestidos con morteiro hidráulico de probable almacenamento hídrico, inmediatos ao hoxe canalizado regato da Burga.

O ámbito máis representativo desta zona artesanal localizouse baixo o piso da adega románica no que o forno atopado –*fornax*–, moi deteriorado, soamente conserva en alzado e parcialmente un *praefurnium* ou túnel de carga coa parede de barro moi rubefactada e unha cámara de combustión características dun forno de cúpula con forma de ferradura. No ano 2007 escavouse a parte norte do *praefurnium* identificándoa entón cun forno de foxa de metal, pero a intervención de 2016 permitiu definilo en toda a súa amplitude e, pola súa caracterización e dimensións, parece gardar relación coa produción cerámica, ben que a presenza de escouras de bronce e de crisois de barro aparecidos na zona do *praefurnium* e do fogar sinalan tamén actividade metalúrxica, de aí que o uso artesanal probablemente fose mixto, cerámico e metalúrxico. Por outra banda, a aparición de dúas bases romanas de columna –unha delas desprazada da súa posición orixinal– suxire que a *officina* puido ordenarse arredor dun patio porticado, habitual neste tipo de instalacións, dado que actuaba como redistribuidor das distintas áreas de traballo.

O forno conta coa base dunha cámara de combustión, de case dous metros de diámetro, con corredor central –tipo I/d segundo a clasificación que en 1972 fai Cuomo de Caprio– e tanto ela como o *praefurnium* foron escavados no subsolo para favorecer o illamento térmico e facilitar a carga e descarga dos materiais na cámara de cocción ou laboratorio.

Do *praefurnium*, roto no norte pola cimentación da adega románica –pero aínda así cunha lonxitude de 2,20 m–, xa non se conservan nin a bóveda nin a parede leste, caídas sobre o seu nivel de cinsas. A parede oeste conserva unha altura de 60 cm desde a cal arrincaríase a bóveda. Pola súa banda, da cámara de combustión, rota nas obras da década de 1960, só se conservan as paredes laterais tamén moi rubefactadas e os plintos laterais sobre os que asentarían os arcos –probablemente tres– e que sostentarían a grella. Pero nin dela nin dos seus arcos apareceron restos no nivel de derruba, polo que deberon ser desmantelados. Finalmente sobre os plintos conservados superponse o que parece un fogar circular.

As estruturas de combustión prolongaríanse ao leste deste forno, no subsolo correspondente á escaleira barroca, onde apareceron numerosas tégulas con cinsas ao carón do que parece esbozarse como outro forno de planta piriforme. A aparición tamén aquí dunha tégula oculada, probablemente correspondente ao tiro superior do forno, e dun fragmento de crisol con restos de ouro adheridos no seu interior revelan de novo unha artesanía do metal.

No subsolo de sábrego natural correspondente ao refectorio do pazo románico documentouse tamén unha subestrutura moi arrasada de combustión de planta piriforme que o seu escavador, Nieto Muñiz (2021), identifica cun forno metalúrxico de fundición de cronoloxía medieval a razón dos materiais que formaban parte do seu recheo. Sinálase tamén a presenza de po branco coincidindo coa boca do forno. Dous son os aspectos que, non obstante, nos levan a reflexionar sobre tal afirmación. En primeiro lugar, no nivel inicial de ocupación do solar as subestruturas de combustión romanas foron amortizadas ás veces por materiais de cronoloxía posterior. En segundo lugar, no fondo da cámara de cocción aparece, no seu eixe maior, unha canle que deixa arredor dela unha repisa a modo de banqueteta. Esta caracterización –cámara de cocción con canle de carga de combustible e ventilación a modo de tobeira que arranca da boca do forno (*cuxo praefurnium* non se escavou) e a ausencia de calquera indicio de grella– é típica dos fornos romanos de calcinación de pedras calcarias; pedras que na base da cámara de cocción comezarían apoiándose sobre a banqueteta ata formar unha falsa bóveda de cocción. A presenza de po branco (restos de cal?) na boca do forno parece incidir na súa condición de forno

de calcinación que puido ter ademais un carácter dual relacionado cos restos de metal adheridos no fondo da canle.

O forno presenta un claro paralelismo cos fornos baixoimperiais de cal –*fornax calacaria*– C-85200, C-59200 e C-59700 de Loranca (Fuenlabrada), tamén de uso mixto –cal e cocción de ladrillos– ou co de Priego de Córdoba, pertencentes á súa vez aos denominados fornos de pila con alimentación inferior segundo a clasificación de Petrella.

A zona artesanal romana presentaría unha superficie máis ou menos chaira arredor da cota 133.50 e sobre ela cabería preguntarse se formaba parte dun taller urbano –*officina* instalada nunha *insula*– ou, pola contra, suburbano –*svbvrba*– situado, como tamén era habitual, ao carón dunha vía de comunicación.

### **Necrópole da antigüidade tardía e primeiro complexo episcopal**

Este conxunto artesanal romano da adega románica foi amortizado na antigüidade tardía (séculos IV-VI d. C.) por una necrópole de sepulturas de tégulas con orientación O-L pertencente, probablemente, a unha primeira comunidade cristiá. As sepulturas aparecen tamén máis ao norte pero xa sobre o terreo natural e ao carón dunha estrutura en ángulo, para ocupar unha superficie novamente máis ou menos chaira entre o exterior do acceso ao pazo románico, baixo a ala oeste e baixo a adega románica, arredor da cota 134.00.

A sepultura da adega románica, cortada pola cimentación do século XII, con orientación O-L e sen enxoval asociado, contiña no seu interior a calota cranial e a escápula esquerda dun esqueleto en posición primaria *decúbito supino* pertencente a un individuo masculino adulto que superaba os 20 anos no momento da morte, segundo o estudo feito pola Dra. López-Costas.

Baixo a entrada ao pazo románico descubríronse dous laterais dunha estrutura en «proa de barco», con recebo exterior de cal, de probable planta octogonal que, sen descartar a súa condición de mausoleo, poderían pertencer a un baptisterio datable na tardoantigüidade (séculos IV-VI) cando Ourense se nomea como sede episcopal –a *Ad Auriensem sedem* do Parroquial Suevo da segunda metade del século VI–. De ser así é indubidable que tamén contaría cunha antiga igrexa episcopal á que corresponderían, segundo o razoamento máis utilizado, os capiteis tardorromanos e as columnas reaproveitadas na actual igrexa de Santa María Nai e os conservados no Museo Arqueolóxico. A eles débeselles engadir outro recentemente aparecido na intervención arqueolóxica do museo. Sen descartar esa relación cunha antiga igrexa ou mesmo co probable

baptisterio, é, non obstante, evidente o seu vencello cun primeiro grupo episcopal do que tamén formaría parte o dito baptisterio e asociado a el, buscando a súa proximidade, esa necrópole de sepulturas de tégulas.

A ese contexto baixoimperial e tardorromano corresponderían tamén os restos dunha construción monumental que en parte –lados norte e sur– foi aproveitada pola construción da adega románica. Tratábase dunha construción de grosos muros asentados sobre un leito de cal e cuxos perpiaños do lado oeste foron retirados da súa posición orixinal ao quedaren anulados polo piso da adega románica, de tal xeito que deles quedou só a pegada sobre o leito de cal. Un contexto tardorromano no que a actividade comercial debeu seguir sendo importante se temos en conta, a nivel cerámico, a presenza de importacións bracarenses e lucenses datadas no século V aparecidas neste mesmo terreo do pazo.

### **Necrópole altomedieval**

Ás sepulturas de tégulas e aos muros relacionados cos fornos romanos, no subsolo interior do pazo, superponse un nivel de enterramento altomedieval (séculos VIII-XI) –roto polas cimentacións do edificio románico– conformado por sepulturas con forma en arco de paréntese seguindo a orientación O-L e, sen dúbida, vinculadas a unha igrexa que, por tanto, ben non pareceu verse afectada polos tradicionalmente sinalados ataques árabes á cidade a comezos do século VIII, ben porque no caso de producirse a dita igrexa sería reconstruída no marco da política reorganizadora levada a cabo por Afonso III durante a segunda metade do século IX. En todo caso, no interior do pazo románico as sepulturas en arco de paréntese ocupan tamén o espazo correspondente á metade occidental do probable baptisterio, que nesa época estaría arruinado. A este mesmo contexto corresponderían tamén algunhas sepulturas escavadas na rocha aparecidas baixo o solo da cociña monumental renacentista e rotas polas cimentacións románicas.

### **A cidade**

Os restos arqueolóxicos, conxuntamente coa historia do edificio do Pazo episcopal, explícanse por medio de paneis individualizados formal e graficamente. Paralelamente e en diálogo, nesta primeira planta do edificio desenvolverase a área temática da exposición permanente dedicada á cidade de Ourense, desde as súas orixes ata finais da Idade Media, cos seguintes módulos expositivos: Ourense romano, as termas e As Burgas como centro terapéutico-relixioso e hixiénico, a antigüidade tardía e o cristianismo e finalmente a cidade medieval.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Manuel Xusto Rodríguez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco

ISSN: 1579-9956

**musarqourense**  
museo arqueolóxico provincial de Ourense

